

Rebuldeira

Sarria

O grupo Rebuldeira Teatro, integrado por catorce membros, nace en Sarria, en xaneiro do 2011, e está formado por alumnos/as e ex-alumnos/as da Aula de Formación Teatral creada no propio concello, tanto do curso 2010 como dos seguintes.

Malia atoparse Sarria nunha comarca de importante tradición de teatro afeccionado, nos últimos anos as actividades, deste tipo, eran escasas. A iniciativa municipal de crear unha aula de formación serviu como punto de partida para a aparición do grupo, que nesta breve traxectoria xa representou por toda a provincia pezas como: *A comedia bífida*; *O velorio*; *A farsa plautina* ou improvisacións, de diverso tipo, como: *A fantasma do pazo de Tumbadoiro*. Convidados por diferentes asociacións culturais, tamén representou as súas pezas en Cataluña (2011) e Euskadi (2012).



O achado do Castro

(todos os públicos)

Sinopse: Unha de romanos!

Manolitus e Camiñae son unha parella de xóvenes namorados. A súa relación non goza dos parabéns do Emperador, pai da rapaza, nin da riquísima Arpexia, nai do primeiro. Por se fora pouco, dous vagabundos intentan, sen moito éxito, colarse no pazo e roubarlle o mellón ao Emperador para poder ser os xefes máximos do Estado.

Un narrador conduciranos por esta divertida historia na que os diálogos en clave de humor, xunto coa incontincia do xoven protagonista, garántenos pasar un bo rato.

Autor: Núñez Singala

Dirección: Lorena do Val

Elenco: 11 actores e actrices

Duración: 70 minutos

